

A amnistía e a súa legalidade

As dúas forzas do soberanismo político catalán con representación no Congreso estatal (ERC e JxCat) esixen de Pedro Sánchez a amnistía como requisito preciso (mais non abondo; tamén esixen un referendo de autodeterminación da cidadanía catalá) para votar a prol da súa investidura. Unha amnistía que poida extinguir a responsabilidade criminal de milleiros de cidadáns e cidadás de Catalunya que están a ser investigados ou xulgados, cando non foron xa condenados por sentenza definitiva, por condutas de natureza política vencelladas ás reivindicacións soberanistas presentes no chamado procès.

1 Que argumentos de inconstitucionalidade afirman os opositores á amnistía para este caste de delitos? Os opositores á amnistía, vencellados polo xeral coas sensibilidades políticas e sociais máis unionistas, e mesmo españolistas, consideran que a amnistía sería inconstitucional. Por unha banda, sosteñen, o artigo 62 da Constitución prohibe os indultos xerais polo que (defenden) con máis motivo haberían prohibir as amnistías, que non só extinguen a pena, senón o propio delito. Doutra banda, o artigo 117.3 da Constitución reconece a exclusividade da potestade xurisdiccional dos xulgados e tribunais que integran o Poder Xudicial, xulgando e facendo executar o xulgado, polo que, disque, a amnistía atentaría contra esta atribución constitucional ao lle tirar estas competencias ao Poder Xudicial ao respecto do perímetro dos delitos atinxidos pola amnistía.

2 Son comparábeis os indultos e as amnistías? Non. Os indultos e as amnistías son actos de natureza xurídica totalmente diferente. Os indultos todos son actos administrativos adoptados polo Goberno do Estado en Consello de Ministros, logo dunha proposta do Ministerio de Xustiza, e despois dun procedemento regulado, que inclúe informes preceptivos do Tribunal que xulgou o caso e do Ministerio Fiscal, malia que exista unha ampla marxe de discrecionalidade na súa decisión. Os efectos do indulto atinxen só a pena imposta. Non afectan nin aos antecedentes delitivos nin á eventual responsabilidade civil derivada do delito, que grava ao seu autor coa obriga de indemnizar ás eventuais vítimas do mesmo nos seus danos económicos.

Pola contra, as amnistías son actos legislativos que son competencia das Cortes Xerais do Estado e eliminan todo efecto do delito. Para os delitos en trámite de investigación determina o arquivo e remate definitivo do procedemento. Para os delitos xulgados extingue a pena e todos os seus demais efectos. E a respecto dos feitos atinxidos aínda non investigados impide a incoación de novos procedementos xudiciais para a súa pescuda.

3 Afecta negativamente a amnistía á función xurisdiccional do Poder Xudicial? A amnistía opera como o Código Penal (CP). É dicir, delimita o perímetro dos feitos que teñen relevancia penal, mais non interfere nos procesos xudiciais. Velaí que requira eventualmente da necesidade dunha lei orgánica para operar, xa que require da reforma puntual do devandito CP para definir a propia amnistía como causa de extinción da responsabilidade criminal para os delitos definidos no seu perímetro. Os indultos tamén regulan a competencia xudicial para facer executar o xulgado, pois que esta competencia non atinxirá á capacidade de facer cumprir as penas obxecto do indulto. Velaí o feble deste argumento dos detractores da constitucionalidade da amnistía.

4 Existen outros argumentos a prol da constitucionalidade da amnistía? Si. No 1984 ampliouse a amnistía da Transición, aprobada polas Cortes elixidas no 1977, a medio da Lei 1/1984. O Tribunal Constitucional analiza nesta sentenza a lei aprobada e conclúe que non é, en realidade, unha nova amnistía, senón a ampliación da de 1977, salvando, teoricamente, a posibilidade plenamente

constitucional dunha nova amnistía. A sentenza declarou a inconstitucionalidade da lei en canto gravaba ás empresas privadas coa carga da indefinida imprescritibilidade das sancións laborais impostas antes da amnistía eventualmente anulábeis polo efecto da mesma. Para máis abastanza, a Lei de Axuizamento Criminal define a amnistía como un dos medios para extinguir a responsabilidade criminal. E o conxunto da Constitución non inclúe ningún mandato que directa ou indirectamente prohiba a aprobación dunha amnistía polo Poder Lexislativo estatal.

5 Sendo constitucional esta amnistía entra dentro da lóxica e da normalidade democráticas?

A constitucionalidade formal e material da amnistía non implica que a súa promulgación constituía unha práctica normalizada nun sistema democrático avanzado. Como afirma a constitucionalista Montserrat Nebrera (que foi deputada do PP no Parlament de Catalunya) a promulgación dunha amnistía supón unha emenda á totalidade ao Estado democrático. Supón que o Estado ou non é estruturalmente democrático ou ten actuado nun momento histórico como se non o fose.


Para que sexa compatíbel a amnistía coa praxe dun estado democrático precisase dunha causa excepcional que amose unha deficiencia estrutural no funcionamento do mesmo que requira desa mesma amnistía como solución excepcional de restauración ou normalización democrática.

6 Porque o réxime democrático require no caso do *procès* da amnistía como ferramenta excepcional de normalización democrática?

Arestora existen milleiros de cidadáns cataláns (un mínimo de 1.400) condenados ou investigados por distintos tribunais penais e polo Tribunal de Contas por feitos vencellados á convocatoria e celebración, pola Generalitat, da consulta cidadá de 2014 e do referendo, do 1 de outubro de 2017, así como dos feitos desenvolvidos con posterioridade ao mesmo. En moitos destes procedementos a reacción xurídica do Ministerio Fiscal e dos Tribunais sobordou dos marcos dunha interpretación garantista e axeitada do Código Penal e das leis procesuais e constituíu unha reacción desaquelada pola súa falla de proporcionalidade e mesmo pola vulneración da propia tipicidade penal e das regras de competencia xudicial. O propio Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE), na súa sentenza de 31 de xaneiro de 2023, prevé a posibilidade de rexeitar

unha euroorde xudicial de prendemento entre Tribunais de dous Estados Membros da UE cando existan indicios racionais de vulneración das garantías na reacción penal que afecte a un colectivo obxectivamente identificábel.

E semella que o TXUE definiu este concepto en previsión das moitas reclamacións nos Tribunais da EU e no Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos (TEDH) por persoas soberanistas afectadas por esta ondata represiva. Porque a resposta penal dos fiscais e Tribunais españois aos feitos vencellados ao *procès* presenta caracteres propios da aplicación do Dereito Penal do Inimigo. Velaí os procesamentos por rebelión que determinaron o cesamento automático de varios deputados na súa función representativa da cidadanía. O axuizamento de Junqueras, Forcadell, Forn, Turull,



Rull e outros polo Tribunal Supremo vulnerou a competencia do Tribunal Superior de Catalunya e privounos de recurso de apelación contra da súa sentenza condenatoria. A condena de Jordi Sánchez e Jordi Cuixart polos feitos do 20-S do 2017 na Consellaría de Economía non atura unha análise rigorosa. A acusación de terrorismo aos activistas do CDR soborda todos os marcos das regras da acusación pública nun Estado democrático. Velaí esa causa excepcional que fai desta amnistía a ferramenta precisa e indispensable para restaurarmos a convivencia democrática.

7 Cal vai ser o perímetro dos delitos obxecto da amnistía?

Será rigorosa na definición de todas estas condutas para evitar que os mesmos tribunais que actuaron desaqueladamente na persecución desta caste de condutas eventualmente amnistiábeis determine a evasión da mesma no caso concreto que decidan. Semella que haberán ser amnistiadas todas as condutas vencelladas directa ou indirectamente nunha relación de causa-efecto co chamado *procès* e que teñan a súa orixe na convocatoria e celebración das consultas cidadás de 2014 e 2017 e todos os seus acontecementos posteriores, mesmo todos os actos de protesta pública inscribíbeis nos tipos delitivos de desordes públicas, resistencia, desobediencia ou análogos. A dúbida podería ser algún caso moi illado no que eventualmente podería existir delito de atentado nalgún axente da autoridade coas resultas de lesións graves e, dende logo, os propios actos de violencia exercidos polos corpos de policía estatal sobre cidadás e cidadáns de Catalunya na xornada do 1 de outubro de 2017.